

## BLOQUE 3.- DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA ARTE EUROPEA NO MUNDO MODERNO

### MANIERISMO

*Para a vila Rotonda podemos engadir o contexto do Cinquecento e falar do que ven a continuación sobre Palladio.*

O **Manierismo** é un estilo que nos sitúa entre o Renacemento Clásico e o Barroco. Un estilo que racha coas formas equilibradas do Renacemento e que, como vimos en Miguel Anxo, emprega **tensións, escorzos, liñas serpentinas, expresividade, irrealidade, cores contrastadas e chamativas...**etc

Estamos no momento posterior a desaparición dos grandes xenios do Renacemento. Podemos citar a artistas manieristas en escultura como Giambologna ou Benvenuto Cellini. No mundo da arquitectura temos a autores como Andrea Palladio (Andrea di Pietro della Góndola) **arquitecto e teórico** (*Os catro libros da arquitectura*) que se converterá **no canon da arquitectura occidental posterior** e terá una influencia posterior moi importante.

Palladio é un dos principais teóricos da arquitectura ata practicamente o Neoclasicismo do século XVIII. Palladio é un dos máximos representantes da **arquitectura civil italiana**. Coñecía os traballos dos grandes arquitectos: Bramante, MA, Rafael e os edificios da Roma antigos. Chámase Palladio en homenaxe a deusa Palas Atenea.

OBRA: Vila Capra ou Rotonda

CRONOLOXÍA: 1553, morre o autor antes de rematala. Rematada a final de século

ESTILO: Arquitectura Manierista

UBICACIÓN: Vicenza, próxima a Venecia



A obra que imos comentar é o exterior da Vila Rotonda. Palladio morre antes de rematala así que os comitentes (a familia Capra) encárganlle ao Vincenzo Samozzi o remate. Exemplo de **arquitectura civil no Manierismo**.

## Comitente

O seu nome deriva do cliente Marius Capra, prelado, nome inscrito nos frisos dos Pórticos. O primeiro comitente foi un empregado do Vaticano que se retira ao campo, a Vicenza e encarga esta residencia de campo para o seu retiro

A aristocracia veneciana, ao pecharse as rutas comerciais do Mediterráneo, **reconvértese e pasan de ser comerciantes á empresarios agrícolas**, por iso necesitarán **un novo tipo de vivenda, diferente ao pazo urbano.**



01 Villa Rotonda, Vicenza. Andrea Palladio. Vista aérea del conjunto, vía emaze.com

Son os estudos de Palladio os que **proporcionan unha tipoloxía** baseándose en edificios do pasado. O resultado será novidoso, práctico e iso fará que teñan éxito.

## Materiais:

pedra, ladrillo, estuco, mármore...

## Importancia- Como é?

É unha **vivenda ao** xeito das vilas romanas pero **reinventada** desde a óptica renacentista. Como todo está arredor dun centro circular foi denominado *A Rotonda*.

## Exterior



- ✓ **Ten catro fachadas idénticas**
- ✓ **Está sobre unha elevación e así mesmo sobre un podium** o cal implica que haxa que poñer **unha** escalinata en cada unha das fachadas
- ✓ Estas entradas son concibidas como **pórticos, xónicos, hexástilos** cos seus entaboamentos e os seus **frontóns**
- ✓ Rematadas cunha **escultura en cada un dos seus vértices**
- ✓ **No centro observamos a cúpula que preside a vivenda**, a sala central circular

## Función

É unha **mansión de campo**. Unha residencia privada. No Renacemento puxéronse de moda

## Planta

- ✓ É un edificio cadrado, simétrico, inscrito en un círculo. ***Pero a planta non é circular.***
- ✓ É unha **planta centralizada perfecta**: cunha sala central circular cuberta por unha cúpula inspirada no Panteón romano
- ✓ Arredor da sala: **catro espazos** rectangulares, son os dormitorios.
- ✓ Logo engade **catro pórticos** (loggias) saíntes e **catro amplas escalinatas** de acceso.
- ✓ É unha arquitectura **que se proxecta cara fóra**, que sae do centro e vai ao encontro coa paisaxe a través dos pórticos.



Estas formas son o resultado do seu gusto pola **proporción e a harmonía**.

**Onde se ve isto?** Pois por exemplo en:

- ✓ Cada pórtico ocupa a metade da anchura total do edificio
- ✓ *Os pórticos e a escalinata miden a metade diámetro do núcleo da vivenda.*
- ✓ *A altura do basamento é a mesma que a do ático.*

**Estamos vendo como a planta centralizada perde o seu simbolismo relixioso!!!! É dicir Palladio usa o plan central ( como o Panteón) pero adaptado a unha función civil, a unha vivenda privada**

## Interior

**Espectacular sala central** cuberta por **cúpula**, que ten un pequeno óculo por onde entra a luz. A esta sala éntrase por catro corredores e arredor están as habitacións

A iluminación é escasa. O interior resulta algo escuro

Nos sotos están cociña e outras dependencias

## Simboloxía –Conclusión

Esta obra está en relación **aos seus estudos teóricos**. Estas vilas eran coma unha volta ao pasado romano, ás luxosas residencias campestres dos romanos ricos e que desapareceron trala caída do Imperio Romano.

**As formas son resultado das súas preocupacións**



**matemáticas: o cadrado e o círculo integrados.** Son formas xeométricas elementais: **cilindro, esfera, el cubo..**


### Por que falamos de Manierismo???

- ✓ Toma elementos clásicos como o plan centralizado e aplícao a unha vivenda; estamos usando a cúpula nun edificio residencial: interpreta o mundo clásico ao seu xeito.
- ✓ Toma elementos dos templos romanos pero agora adáptaos a outra función
- ✓ Importante: Hai unha **intención tamén de integrar a vila na paisaxe** , de aí esa localización, de aí esa elevación e de aí eses catro pórticos que **se abren á paisaxe italiana** e permiten desfrutar das árbores, prados e bosques do entorno. A **vila emerxe** como os outeiros que hai nese entorno. **HARMONÍA ENTRE ARQUITECTURA E PAISAXE.**

Esta obra influirá na arquitectura posterior (o chamado neopalladianismo) e nas fachadas de edificacións como:

- ✓ arquitectura inglesas do XVII,
- ✓ influirá na arquitectura neoclásica
- ✓ nas mansións do sur dos EEUU

Esta obra é un exemplo dunha das cerca de vinte que deseñou Palladio.



OBRA: O Iesú,

AUTOR: Andrea Vignola. Fachada de Giacomo della Porta

CRONOLOXÍA: 1568 remate da fachada en 1574

ESTILO: Arquitectura renacentista, Manierismo, PREBARROCO

UBICACIÓN. Roma



É a Igrexa de referencia dos xesuítas en Roma e modelo

Contexto

O Manierismo foi un estilo complexo. Os artistas foron continuadores das liñas de traballo de Leonardo, Rafael e Miguel Anxo, pero cuns elementos artísticos propios: **distorsións e o desequilibrio** que son reflexo da crise de fe e da razón que houbo tralo Renacemento

Para contextualizar esta obra debemos referirnos **á Contrarreforma** que se inicia tralo **Concilio de Trento**. A Igrexa establece unhas normas de como deben ser os edificios e o culto as imaxes para **así combater o protestantismo** e atraer aos fieis. En esta loita emprendida pola Igrexa de Roma xoga un papel fundamental a **Compañía de Xesús** fundada polo español San Ignacio de Loyola . **O xesuítas foron a orde máis belixerante contra o protestantismo. Fan defensa absoluta do papa**

Que teñen que ter??

- As igrexas concíbense como un lugar no que se ten que ter diálogo entre os fieis e Deus a través da misa e do sermón
- Ten que ser ampla
- Ten que ter moitas capelas para render culto a santos

Por iso crease un novo modelo de edificio relixiosos: O Iesú é o modelo que se vai seguir


COMENTARIO

A obra a comentar é un exemplo de arquitectura manierista que nos achega ao Barroco. O autor é Vignola que é un **arquitecto e teórico italiano** que alcanzará o éxito ao **crear esta tipoloxía arquitectónica relixiosa** que se adapta moi ben ao que quere a Contrarreforma.

Ubicación: Está no monte Capitolio de Roma sobre unha plataforma (así se separa o mundo profano mundo celestial segundo Alberti)

### Función

Tiña que acoller o sepulcro do fundador da Compañía de Xesús, **San Ignacio**



### Material

Pedra, ladrillo mármore

### Planta

Está inspirada en San Andrés de Mantua de Alberti

- **Cruz latina cunha soa nave: crea espazo moi amplo**
- Transepto que non sobresaie (parece basilical)
- **Importancia do púlpito para predicar e que a palabra chegue a todos**
- **Capelas laterais** entre contrafortes para albergar estatuas de santos que a Contrarreforma cree que son importantes
- Buscan albergar ao maior número de fieis posible
- Localiza **os confesionarios** na escuridade

### Cuberta

- Bóveda de canon na única nave que se sostén con contrafortes
- Cúpula con pechinas e grandes pilares: **distribúe a luz, ilumina o cruceiro e deixa en penumbra a a nave e as capelas así esto será propio do barroco**

### Obxectivo

Vignola quere crear espazo amplo, sen columnas, para que todos poidan atender. E debe ser austero para que non haxa distraccións (esto non se consegue)



## Fachada

- Obra de outro autor
- Introduce elementos que nos achegan ao Barroco
- Vai ser modelo durante séculos para igrexas xesuíticas

Como é ???

Podemos falar de dous corpos

### Parte superior

- É máis estreito e corresponde a anchura da nave central ( 3 rúas)
- Dobres pilastras (corintias)
- Ventá central entre columnas e dúas hornacinas laterais baixo frontóns
- Dúas grandes volutas

### Remate final

- Gran frontón triangular. O vértice é o eixo de simetría



*Elementos clásicos a su maneira*

Parte inferior: rectangular. Ancho de nave central e laterais

- Pilastras dobres de orde corintia ( 5 rúas)
- Porta central baixo frontón curvo e dúas portas laterais con frontón triangular.
- Riba das portas hornacinas con santos
- Sobre a porta escudo dos xesuítas
- Remata con frontón curvo que engloba outro triangular ( moi barroco )

Moitas igrexas xesuíticas seguen este modelo

## IMPORTANTE

Estas **dúas grandes volutas** inexistentes na arte clásica teñen por función unir os dous corpos, o inferior máis ancho e o superior. Unha unión gradual. Esta solución xa a empregara Alberti en Santa María Novella. Esta solución arquitectónica popularizouse no Barroco

## Conclusión

Por que é manierista?

Usa elementos clásicos (frontóns, columnas...) pero alteraos: combina columnas e pilastras, mestura frontóns curvos e triangulares. Usa orde xigante, aumenta volumes cara o centro...**é dicir abandona a PLANITUDE en busca da CURVA**

E nos interiores: desaparecen da vista elementos sustentantes que había nas igrexas renacentista; usa pilastras acanaladas de orde corintio, machóns como os de Miguel Anxo, achaflanados...

Vemos pois un modelo a imitar, de grande éxito

--oOo--